

	IES MARÍA CASARES. Departamento de TECNOLOXÍA		<b>3ºESO</b> 2023-2024
	<b>MATERIA</b>	<b>EDUCACIÓN DIXITAL</b>	
	PROFESOR/A	Isabel Fúster	

CONTIDOS		
1 a A V A L I A C I Ó N		<p><b>1 Hardware e Software</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Arquitectura de computadores: elementos, montaxe e configuración.</li> <li>- Sistemas operativos: configuración de usuario e operacións básicas de organización.</li> <li>- Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital.</li> <li>- Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.</li> </ul> <p><b>2 Edición de texto:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Almacenamento da información: operacións básicas de organización e copias de seguridade.</li> <li>- Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos.</li> </ul>
2 a A V A L I A C I Ó N		<p><b>3 Seguridade informática :</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Almacenamento da información, copias de seguridade.</li> <li>- Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital.</li> <li>- Tratamento básico da imaxe dixital.</li> <li>- Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.</li> <li>- Seguridade . Xestión de contrasinais. Aplicacións ou medidas que deben adoptarse fronte aos riscos e ameazas Recursos para a protección da información e datos persoais, da identidade e dos contidos dixitais. Configuración en espazos virtuais de traballo.</li> <li>- Uso de recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso.</li> </ul> <p><b>4 Follas de cálculo:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.</li> </ul>

**5 Presentacións:**

- Presentacións en distintas plataformas dixitais, integrando elementos multimedia.
- Uso de recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso.

**6 Programación:**

- Utilización de estruturas básicas de programación.
- Uso de datos. Constantes e variables.
- Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para computadores e/ou dispositivos móbiles mediante contornas de programación gráfica.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

	PORCENTAXE DO TOTAL
<b>FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN</b>	
PROBA ESCRITA: Probas obxectivas de coñecemento individuais	50,00%
TÁBOA INDICADORES: Traballos individuais e actividades tanto en papel como en formato dixital. Tarefas en proxectos	50,00%
A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. <b>*(ver observacións)</b>	
<b>NOTA MEDIA XUÑO</b>	
A cualificación final do curso virá dada pola media das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso, non podendo ter menos de un 4 en ningunha das avaliacións. No caso de ter algunha avaliación con media menor de 4 e/ou que a nota final do curso sexa menor que 5 deberá recuperar materia. <b>Cálculo da nota final do curso:</b> <b>NOTA FINAL =</b> Media das tres avaliacións (nota mínima un 4 en cada avaliación)	
<b>CRITERIOS DE RECUPERACIÓN</b>	
Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos. En cada unha das avaliacións o alumnado que non acade un 50% na nota nas PE (probas obxectivas de avaliación) deberá realizar unha proba de recuperación dos contidos da avaliación. Nas 3 últimas semanas do curso, o alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas de recuperación daquelas unidades didácticas que non superase no seu momento. No caso de alumnado con algunha avaliación non superada a nota final recalculase tendo en conta a nota da avaliación recuperada na proba final ou a nota da proba final de ser o caso de ter que recuperar toda a materia.  O alumnado que na primeira semana de xuño teña acadado unha cualificación de 5 ou máis de 5 na media ponderada das tres avaliacións, poderá realizar actividades de reforzo e ampliación que lle permitirán subir a súa cualificación nalgunha das unidades didácticas do curso. Neste caso a cualificación final será recalculada seguindo o mesmo criterio que a nota final do curso, modificando a nota da avaliación na que se mellora a media.	

**\*OBSERVACIÓNS:** \*En cada avaliación o aprobado obtense cunha media igual ou superior a 5 e sempre que se obteña un 40% como mínimo en cada unha das ferramentas de avaliación. De obterse calificación negativa o alumnado deberá superar a avaliación mediante a entrega das tarefas pendentes ou a recuperación da proba escrita correspondente.

**EXAMES:** Se un alumno non se presenta a un exame deberá presentar xustificante médico e acordarse co profesor unha data para a realización da proba.